

Belén Villar González con DNI 35.562.803-L voceira do grupo municipal do Partido Popular, Andrés Sampedro, Silvia F. Táboas, Francisco J. Represas e Lina Limeres, concelleiros/as do Grupo municipal do Partido Popular de Ponteareas, visto que varios veciños da **parroquia de Fontenla, no lugar de Cornedo**, manifestáronnos o seu malestar pola acumulación de escombros de obra nunha parcela que anteriormente era un parque de desfrute para os veciños dese entorno e arredores, e que dende fai meses están depositando e acopiando grandes cantidades de materiais que puideron comprobar que procede das obras que está realizando o goberno local de saneamento no Alto da Gloria, obra que vai dende a carretera provincial Ponteareas-San Mateo, pasando por diante do Cemiterio e rematando nas primeiras vivendas da parroquia de Fontenla.


Este grupo do PP fixo as comprobacións oportunas, e advertímoslles que en dito terreo están acopiados materiais como pedras, terra, restos de formigón, algún papel e plásticos, pero tamén anacos de asfalto que é un residuo contaminante, e que segundo a lexislación vixente de residuos, non pode estar depositado nun terreo e debe ser tratado por un xestor autorizado.

Os restantes materiais deberían contar cunha autorización de depósito temporal para estar acopiados, ademais de cumprirse cun prazo de tempo de duración dos acopios, tamén debería cumprirse coa altura dos taludes que alí se forman e debería constar unha autorización medioambiental no caso de que eses materiais procedentes de demolicións de obras públicas se pretendan utilizar como material de recheo.

Deberían ter e comprobar que se cumpre cun Plan de xestión dos residuos de construción e demolición (RCD's) das diferentes obras que faga o Concello no ámbito local, onde se concrete o tipo de xestión e a aplicación que se fai dos diferentes materiais retirados da obra.

SOLICITAMOS

Que procedan á maior brevidade a ordear a retirada dos escombros de obra da parcela mencionada e ubicada na parroquia de Fontenla, polas cuestións expostas e por salubridade dos veciños.



Que devolvan a parcela o seu estado orixinal, para que poidan utilizar ese parque natural para disfrute os veciños e tamén que procedan a limpeza das cunetas que nestes momentos están cheas do material que acopian, co cal impide que as augas pluviais vaian pola cuneta e consecuencia disto estas augas entran nas parcelas dos veciños colindantes causándolles moitos problemas nas súas propiedades.

Adxuntamos fotos que reflexan a situación na que se encontra a parcela.

En Ponteareas, 22 de maio de 2020





Asdo: Belén Villar González

Parcela en Fontenla – Lg Cornedo (polígono 64, parcela 437)

Plano de Situación












PARTIDO POPULAR DE PONTEAREAS
RÚA TROVADOR XOAN GARCÍA DE GUILLADE, 24 - 36860 PONTEAREAS


Telef. 986.660898-608516525

web: <http://www.ppdeponteareas.es>

e-mail: sede@ppdeponteareas.es







A/A SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEAREAS